



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO
MUNICIPAL E A DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS
NA URBANIZACIÓN DOS VERXEIS**

Na urbanización dos Verxeis existen tres parcelas de propiedade municipal identificadas cos números 13, 85 e 84 na zona Z-1, rexistradas a nome do Concello de Teo, cunha superficie de 504,31 m² cada unha delas.

Segundo algúns concelleiros denunciaron nos anos 1999 e 2000, a totalidade da parcela nº 13 e unha franxa de 80 cm ao longo da parcela nº 85 foron obxecto de apropiación indebida por parte dun promotor de vivendas, sobre as que construiu vendendo posteriormente a particulares.

Diante destas denuncias, e tal como consta na acta do Pleno do día 31 de marzo de 2000, o concello remitiu o expediente a un avogado, informando o secretario en funcións na época que "creía que si" que o avogado presentara denuncia diante do xulgado.

A pasividade da Alcaldía durante aqueles anos diante dun feito tan grave (lembrems que incluso chegou a recepcionar as obras) foi denunciada en repetidas ocasións polos concelleiros da oposición. Pois ben, segundo información reclamada no propio Concello, semella que nos últimos catro nada se ten feito para axilizar esta cuestión nin para buscar unha solución definitiva.

Por outra banda, os veciños da urbanización dos Verxeis transmiten como unha das súas necesidades a posibilidade de contar cun centro social na urbanización, o que daría pé a poder desenvolver e concentrar nel múltiples actividades de tipo cultural, social e de servizos. A existencia dunha construción inacabada e practicamente abandonada (que ademais só xenera problemas) puidera ser unha solución se o Concello promove algún tipo de intercambio contando coas súas propiedades na urbanización. Consecuentemente, resulta prioritario recuperar as propiedades municipais para posteriormente estudar a viabilidade destas propostas.

Ademais, as demandas veciñais concéntranse no lamentable estado do río que pasa á beira da urbanización, verdadeira cloaca en tempos de seca. A depuradora están totalmente colapsada e algúns dos rexistros nas proximidades do río están abertos e supoñen un grave perigo para os nenos.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que a Alcaldía informe das actuacións realizadas nos últimos anos para recuperar as propiedades municipais que foron obxecto de apropiación indebida, actuacións que serán debatidas de seguido polo Pleno da Corporación.
2. Declarar prioritaria e urxente a solución deste conflito, acordando axilizar as actuacións legais necesarias.
3. Acordar que a Alcaldía dé conta en todos os Plenos ordinarios que se celebren das actuacións realizadas e dos avances no proceso, de xeito que toda a Corporación actúe como comisión de seguimento dun tema tan prioritario que afecta de xeito importante ao patrimonio municipal.
4. Facultar á Comisión de Obras e servizos para entrevistarse cos cargos directivos da asociación de veciños da urbanización, co obxectivo de estudar a viabilidade da proposta veciñal con respecto ao aproveitamento da construción inacabada na urbanización, proposta que sería levada ao Pleno.
5. Proceder á revisión e limpeza de todos os rexistros de saneamento próximos á urbanización, pechando aqueles que na actualidade están sen chave e xeneran perigo
6. Proceder a limpeza do río nas proximidades da urbanización retirando a porquería acumulada durante anos, sempre cos criterios de respecto ao medio ambiente e ao entorno natural
7. Mentres non se constrúa e poña en uso a depuradora de Pontevea, encargar aos servizos técnicos unha revisión periódica semanal da depuradora para tentar que esta funcione a pleno rendemento e non siga sendo un foco de contaminación na zona.

En Teo, a 21 de novembro de 2004

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO